

C 1 2 3 4 5

emprego

- poboación**
- mercado de traballo**
- políticas activas**
- economía social**
- desenvolvemento empresarial**

2.1. ■ ■ poboación

A poboación galega segundo o Padrón actualizado a 1 de xaneiro do ano 2002 ascendeu en Galicia a 2.737.370 habitantes, das que o 51,9% eran mulleres. Comparado co ano anterior, Galicia segue a perder peso no conxunto do Estado, xa que a poboación galega representa o 6,54% da poboación existe en España fronte ós 6,65% no mesmo período do ano 2001.

Entre as características más importantes da distribución da poboación, pódese salienta-la existencia dunha densidade de poboación superior á media española (92,6 e 82,7 habitantes por quilómetro cadrado, respectivamente) ou a dispersión ou espallamento xeográfico do seu hábitat, reflectido no feito de que en Galicia hai un total de 29.964 entidades singulares de poboación (o 48,9% do total estatal).

As provincias de Pontevedra e A Coruña acollen o 74,2% da poboación galega e o 84,5% dos concellos de máis de 10.000 habitantes. Atendendo á diferenciación entre a Galicia occidental-costa e a Galicia interior, as 24 comarcas pertencentes á primeira acollen o 69,5% da poboación en tanto que os núcleos urbanos galegos (os

que teñen máis de 10.000 habitantes) o 66,9% da mesma.

Comparado co padrón de habitantes a 1 de xaneiro do 2001, a poboación medra tanto na provincia de A Coruña (3.884 habitantes máis) como na de Pontevedra (3.758 persoas máis). Asemade, prodúcese un aumento da poboación nas 24 comarcas pertencentes á Galicia occidental-costa (7.837 persoas máis) e nas zonas urbanas (12.374 habitantes máis) fronte ó descenso rexistrado na denominada Galicia interior (3.393 persoas) e na Galicia rural (7.930 persoas).

O estudio do **movemento natural** de poboación realiza-se a partir do estudio dunha serie de indicadores entre os que se atopan o número medio de fillos por muller, as taxas de natalidade, mortalidade, crecemento vexetativo ou os títulos de familia numerosa. Estes datos obtéñense a partir dos *Indicadores demográficos básicos* e do *Movimiento natural de la población* publicados polo INE, o Ministerio de Sanidad y Consumo e os datos da Consellería de Familia e Promoción do Emprego, Muller e Xuventude.

Ó longo do ano 2002, Galicia foi a segunda comunidade autónoma coa taxa de natalidade máis baixa (7,18 nacementos por cada 1.000 habitantes fronte ós 7,12 nacementos do 2001) só por diante de Asturias, con 6,39 nacementos. O número medio de fillos por muller nese período pasan dos 0,92 de 2000 ós 0,91 do 2001.

Galicia presenta unha taxa de mortalidade de 10,49 falecementos por cada mil habitantes (10,37 defuncións en 2001), tan só superada por Asturias, con 11,66 falecementos por cada mil habitantes, e Aragón, con 10,68 defuncións.

Tomando como información os datos facilitados pola *Estadística de variaciones residenciales* e o *Censo de población y viviendas 2001* do INE, e os datos do *Anuario de migraciones 2002* do Ministerio de Traballo y Asuntos Sociales, analízanse os **movimentos migratorios** en Galicia, tendo en conta a diferenciación entre movementos migratorios interiores (entre concellos galegos), migracións entre municipios galegos e municipios doutras comunidades autónomas, e por último, os movementos migratorios de Galicia co resto do mundo.

No concernente ós movementos migratorios interiores, no ano 2001, das 42.672 migracións rexistradas, 34.622 realizáronse entre concellos dunha mesma provincia. En termos relativos prodúcese unha caída do número de desprazamentos por cada mil habitantes pasando dos 16,59 migracións de 2000 ás 15,59 migracións do ano 2001.

No caso das migracións entre Galicia e o resto das comunidades autónomas, a diferencia do acontecido entre os anos 1999 e 2000, o saldo migratorio no ano 2001 experimenta, respecto ó ano 2000, unha reducción do seu valor negativo, pasando dos -5.653 ós -4.229 do ano 2001. As tres comunidades autónomas más importantes en canto os movementos migratorios con Galicia seguen sendo Canarias, Madrid e Cataluña, que acollen o 53,0% dos movementos cara ó resto do Estado e o 48,7% das migracións que chegan a Galicia.

O número de estranxeiros residentes en Galicia no ano 2001 ascendeu a 35.152 persoas (19.081 son mulleres), o que representa o 2,24%

do total de estranxeiros residentes en España (a poboación galega representa o 6,65% da poboación española total nese ano).

Un aspecto importante é o do retorno de emigrantes. En Galicia atópanse o 18,2% do total de retornados a nivel estatal, o que indica a importancia que tivo a emigración en décadas pasadas. Entre as 8.716 persoas que retornaron en 2001 cómple salienta-lo predominio dos procedentes de América do Centro e Sur, que despois dunha medra do 74,4% en relación a 2000, representan o 49,6% das persoas que regresaron a Galicia.

Estructura e distribución territorial

Segundo as cifras do Padrón Municipal de habitantes a 1 de xaneiro de 2002, a poboación galega medrou en 4.444 persoas (un 0,2%) respecto ó mesmo período do ano anterior, acadando as 2.737.370 persoas. Comparado co total estatal, a importancia relativa da poboación galega continua o seu descenso (**gráfico 2.1.1.**), situándose no 6,54% fronte ó 6,65% do ano anterior.

Atendendo á distribución segundo sexos, a poboación feminina acadou as 1.420.649 persoas, 1.801 mulleres máis que en 2001, fronte ás 1.316.721 varóns, 2.643 máis que no ano anterior. Atendendo ó seu peso relativo no total estatal, ó igual que acontece no conxunto de Galicia, este descende tanto no caso das mulleres como dos homes, sendo do 6,68% e 6,40%, respectivamente.


O cadro C.2.1. (Poboación de dereito nas CC.AA. 2001-02) amosa que Galicia é unha das comunidades con menor crecemento de poboación, tan só por diante de Castela e León, con 944 más, e de Asturias e Estremadura, onde a poboación descendeu en 1.358 e 331 habitantes respecto ó padrón de habitantes do ano anterior.

Galicia é a décima comunidade autónoma coa maior densidade de poboación, sendo esta de 92,6 habitantes por quilómetro cadrado fronte ós 82,7 habitantes por quilómetro cadrado no conxunto do Estado.

As provincias de A Coruña e Pontevedra

GRÁFICO 2.1.1.

Evolución do peso relativo da poboación galega no total estatal 1996-2002



Fonte: INE, Padrón Municipal de Habitantes

acollen o 74,2% da poboación galega, ascendendo a súa poboación a 1.111.886 e 919.934 persoas, respectivamente. Comparado co padrón de habitantes a 1 de xaneiro do 2001, a poboación medra nestas dúas provincias en 3.884 e 3.758 persoas, namentres que nas provincias de Lugo e Ourense a poboación se reduce en 2.343 persoas e 855 habitantes, acadando os 361.782 e 343.768 habitantes, respectivamente.

O devandito **cadro C.2.1.** amosa que as provincias de Pontevedra e A Coruña teñen unha densidades de poboación moi superior á media de España (204,7 e 139,8 habitantes por quilómetro cadrado, respectivamente), en tanto que Ourense e Lugo presentan unha densidade moi inferior á media, con 34,9 e 49,7 habitantes por km², respectivamente.

No concernente á distribución comarcal, os **cadros 2.1.1., 2.1.2., 2.1.3. e 2.1.4.** amosan un aumento da poboación en doce das 53 comarcas galegas: Betanzos, A Coruña e Santiago na provincia de A Coruña; a comarca de Lugo na provincia de Lugo; Ourense e Valdeorras na provincia de Ourense; e O Baixo Miño, O Condado, O Morrazo, Pontevedra, O Salnés e Vigo, na provincia de Pontevedra.

Se considerámos-la desagregación entre a Galicia occidental-costa e a Galicia interior, as revisións dos padróns municipais de habitantes a un de xaneiro de 2001 e 2002 reflecten que a poboación de dereito nas 24 comarcas galegas pertencentes á Galicia occidental-costa

(Barbanza, A Barcala, Bergantiños, Betanzos, A Coruña, Eume, Ferrol, Fisterra, Muros, Noia, Ortegal, Santiago, O Sar, Terra de Soneira, e Xallas na provincia de A Coruña; A Mariña Central, A Mariña Occidental, e A Mariña Oriental, na provincia de Lugo; e o Baixo Miño, Caldas, O Morrazo, Pontevedra, O Salnés e Vigo, na provincia de Pontevedra) medrou en 7.837 persoas, para acadar os 1.902.756 habitantes no último ano (o 69,5% da poboación galega). Pola contra, nese período de tempo prodúcese unha caída da poboación no conxunto de comarcas pertencentes á Galicia-interior (3.393 persoas menos), acadando os 834.614 habitantes segundo os datos do padrón actualizado a 1 de xaneiro de 2002.

A poboación galega residente nas zonas urbanas (núcleos de máis de 10.000 habitantes), **cadro 2.1.5.**, seguiu crecendo entre as dúas últimas revisións do padrón, acadando os 1.831.253 habitantes, 12.374 habitantes máis que os sinalados no censo anterior (6.264 homes e 6.110 mulleres máis), o que significa que estas áreas urbanas acollen o 66,9% da poboación galega segundo o padrón de habitantes a 1 de xaneiro de 2002. Pola contra, no caso da Galicia rural, desciende a poboación en 7.930 persoas, sendo esta caída de 4.309 persoas no caso das mulleres e de 3.261 no caso dos homes.

Nas provincias de Pontevedra e A Coruña o 80,8% e o 70,7% da súa poboación reside nos núcleos de máis de 10.000 habitantes, en tanto que nas provincias de Ourense e Lugo estas por-

CADRO 2.1.1.

Poboación de dereito das comarcas da provincia de A Coruña 2001-02

| Comarcas | Revisión do Padrón a 1/1/01 | | | Revisión do Padrón a 1/1/02 | | | 01/02 | |
|------------------|-----------------------------|----------------|----------------|-----------------------------|----------------|----------------|------------|--------------|
| | Total | Homes | Mulleres | Total | Homes | Mulleres | (%) | (total) |
| Arzúa | 19.184 | 9.478 | 9.706 | 19.108 | 9.453 | 9.655 | -0,4 | -76 |
| Barbanza | 66.323 | 32.285 | 34.038 | 66.160 | 32.199 | 33.961 | -0,2 | -163 |
| A Barcala | 11.800 | 5.663 | 6.137 | 11.714 | 5.627 | 6.087 | -0,7 | -86 |
| Bergantiños | 70.815 | 34.746 | 36.069 | 70.449 | 34.532 | 35.917 | -0,5 | -366 |
| Betanzos | 39.142 | 18.944 | 20.198 | 39.175 | 18.955 | 20.220 | 0,1 | 33 |
| A Coruña | 358.302 | 169.920 | 188.382 | 364.732 | 173.176 | 191.556 | 1,8 | 6.430 |
| Eume | 28.842 | 14.256 | 14.586 | 28.690 | 14.202 | 14.488 | -0,5 | -152 |
| Ferrol | 162.261 | 77.458 | 84.803 | 160.969 | 76.787 | 84.182 | -0,8 | -1.292 |
| Fisterra | 25.175 | 12.340 | 12.835 | 24.904 | 12.194 | 12.710 | -1,1 | -271 |
| Muros | 15.971 | 7.677 | 8.294 | 15.782 | 7.586 | 8.196 | -1,2 | -189 |
| Noia | 37.292 | 17.951 | 19.341 | 36.909 | 17.773 | 19.136 | -1,0 | -383 |
| Ordes | 38.193 | 18.662 | 19.531 | 38.189 | 18.661 | 19.528 | 0,0 | -4 |
| Ortegal | 16.923 | 8.125 | 8.798 | 16.677 | 8.007 | 8.670 | -1,5 | -246 |
| Santiago | 146.555 | 69.673 | 76.882 | 147.946 | 70.287 | 77.659 | 0,9 | 1.391 |
| O Sar | 17.718 | 8.517 | 9.201 | 17.578 | 8.438 | 9.140 | -0,8 | -140 |
| Terra de Melide | 14.820 | 7.420 | 7.400 | 14.676 | 7.345 | 7.331 | -1,0 | -144 |
| Terra de Soneira | 21.694 | 10.628 | 11.066 | 21.388 | 10.474 | 10.914 | -1,4 | -306 |
| Xallas | 16.992 | 8.296 | 8.696 | 16.840 | 8.218 | 8.622 | -0,9 | -152 |
| Total | 1.108.002 | 532.039 | 575.963 | 1.111.886 | 533.914 | 577.972 | 0,4 | 3.884 |

Fonte: Elaboración propia CES-Galicia a partir de *INE, Revisión del Padrón Municipal de Habitantes*

CADRO 2.1.2.

Poboación de dereito das comarcas da provincia de Lugo 2001-02

| Comarcas | Revisión do Padrón a 1/1/01 | | | Revisión do Padrón a 1/1/02 | | | 01/02 | |
|---------------------|-----------------------------|----------------|----------------|-----------------------------|----------------|----------------|-------------|---------------|
| | Total | Homes | Mulleres | Total | Homes | Mulleres | (%) | (total) |
| Os Ancares | 14.238 | 7.408 | 6.830 | 13.924 | 7.242 | 6.682 | -2,2 | -314 |
| Chantada | 17.118 | 8.353 | 8.765 | 16.893 | 8.249 | 8.644 | -1,3 | -225 |
| A Fonsagrada | 7.461 | 3.909 | 3.552 | 7.224 | 3.788 | 3.436 | -3,2 | -237 |
| Lugo | 112.895 | 53.806 | 59.089 | 113.284 | 53.872 | 59.412 | 0,3 | 389 |
| A Mariña Central | 30.457 | 14.708 | 15.749 | 30.323 | 14.633 | 15.690 | -0,4 | -134 |
| A Mariña Occidental | 28.020 | 13.672 | 14.348 | 27.853 | 13.591 | 14.262 | -0,6 | -167 |
| A Mariña Oriental | 17.479 | 8.318 | 9.161 | 17.397 | 8.278 | 9.119 | -0,5 | -82 |
| Meira | 6.706 | 3.291 | 3.415 | 6.560 | 3.212 | 3.348 | -2,2 | -146 |
| Quiroga | 7.245 | 3.528 | 3.717 | 7.125 | 3.463 | 3.662 | -1,7 | -120 |
| Sarria | 26.427 | 13.128 | 13.299 | 26.175 | 12.983 | 13.192 | -1,0 | -252 |
| Terra Chá | 48.801 | 23.984 | 24.817 | 48.168 | 23.658 | 24.510 | -1,3 | -633 |
| Terra de Lemos | 36.089 | 17.280 | 18.809 | 35.749 | 17.156 | 18.593 | -0,9 | -340 |
| A Ulloa | 11.189 | 5.471 | 5.718 | 11.107 | 5.458 | 5.649 | -0,7 | -82 |
| Total | 364.125 | 176.856 | 187.269 | 361.782 | 175.583 | 186.199 | -0,6 | -2.343 |

Fonte: Elaboración propia CES-Galicia a partir de *INE, Revisión del Padrón Municipal de Habitantes*

CADRO 2.1.3.

Poboación de dereito das comarcas da provincia de Ourense 2001-02

| Comarcas | Revisión do Padrón a 1/1/01 | | | Revisión do Padrón a 1/1/02 | | | 01/02 | |
|-------------------|-----------------------------|----------------|----------------|-----------------------------|----------------|----------------|-------------|-------------|
| | Total | Homes | Mulleres | Total | Homes | Mulleres | (%) | (total) |
| Allariz-Maceda | 15.633 | 7.570 | 8.063 | 15.447 | 7.484 | 7.963 | -1,2 | -186 |
| Baixa Limia | 9.925 | 4.707 | 5.218 | 9.799 | 4.650 | 5.149 | -1,3 | -126 |
| O Carballiño | 30.074 | 14.193 | 15.881 | 30.050 | 14.221 | 15.829 | -0,1 | -24 |
| A Limia | 25.218 | 12.414 | 12.804 | 24.984 | 12.295 | 12.689 | -0,9 | -234 |
| Ourense | 143.142 | 67.657 | 75.485 | 143.479 | 67.858 | 75.621 | 0,2 | 337 |
| O Ribeiro | 20.546 | 9.661 | 10.885 | 20.473 | 9.652 | 10.821 | -0,4 | -73 |
| Terra de Caldelas | 4.647 | 2.323 | 2.324 | 4.543 | 2.268 | 2.275 | -2,2 | -104 |
| Terra de Celanova | 22.894 | 10.816 | 12.078 | 22.617 | 10.684 | 11.933 | -1,2 | -277 |
| Terra de Trives | 5.963 | 2.990 | 2.973 | 5.825 | 2.932 | 2.893 | -2,3 | -138 |
| Valdeorras | 29.126 | 14.396 | 14.730 | 29.321 | 14.451 | 14.870 | 0,7 | 195 |
| Verín | 29.450 | 14.527 | 14.923 | 29.439 | 14.507 | 14.932 | 0,0 | -11 |
| Viana | 8.005 | 4.041 | 3.964 | 7.791 | 3.965 | 3.826 | -2,7 | -214 |
| Total | 344.623 | 165.295 | 179.328 | 343.768 | 164.967 | 178.801 | -0,2 | -855 |

Fonte: Elaboración propia CES-Galicia a partir de *INE, Revisión del Padrón Municipal de Habitantes*

CADRO 2.1.4.

Poboación de dereito das comarcas da provincia de Pontevedra 2001-02

| Comarcas | Revisión do Padrón a 1/1/01 | | | Revisión do Padrón a 1/1/02 | | | 01/02 | |
|--------------------------|-----------------------------|----------------|----------------|-----------------------------|----------------|----------------|------------|--------------|
| | Total | Homes | Mulleres | Total | Homes | Mulleres | (%) | (total) |
| O Baixo Miño | 45.949 | 22.287 | 23.662 | 46.426 | 22.564 | 23.862 | 1,0 | 477 |
| Caldas | 35.397 | 16.971 | 18.426 | 35.248 | 16.890 | 18.358 | -0,4 | -149 |
| O Condado | 37.998 | 18.165 | 19.833 | 38.438 | 18.466 | 19.972 | 1,2 | 440 |
| Deza | 47.314 | 22.994 | 24.320 | 47.004 | 22.872 | 24.132 | -0,7 | -310 |
| O Morrazo | 79.817 | 39.250 | 40.567 | 80.156 | 39.494 | 40.662 | 0,4 | 339 |
| A Paradanta | 18.118 | 8.581 | 9.537 | 17.861 | 8.487 | 9.374 | -1,4 | -257 |
| Pontevedra | 115.571 | 54.805 | 60.766 | 116.451 | 55.269 | 61.182 | 0,8 | 880 |
| O Salnés | 104.184 | 50.566 | 53.618 | 104.480 | 50.686 | 53.794 | 0,3 | 296 |
| Tabeirós-Terra de Montes | 29.588 | 13.817 | 15.771 | 29.361 | 13.752 | 15.609 | -0,8 | -227 |
| Vigo | 402.240 | 192.452 | 209.788 | 404.509 | 193.777 | 210.732 | 0,6 | 2.269 |
| Total | 916.176 | 439.888 | 476.288 | 919.934 | 442.257 | 477.677 | 0,4 | 3.758 |

Fonte: Elaboración propia CES-Galicia a partir de INE, *Revisión del Padrón Municipal de Habitantes*

CADRO 2.1.5.

Poboación residente en núcleos de más de 10.000 habitantes 2001-02 ⁽¹⁾

| | 2001 | Concellos | | | >10.000 habs. |
|--------------|------------------|------------------------|------------------------|------------------------|---------------|
| | | (% / total provincial) | (% / total provincial) | (% / total provincial) | |
| A Coruña | 779.869 | 70,4 | 786.186 | 70,7 | 25 |
| Lugo | 152.933 | 42,0 | 153.343 | 42,4 | 5 |
| Ourense | 147.825 | 42,9 | 148.514 | 43,2 | 4 |
| Pontevedra | 738.252 | 80,6 | 743.210 | 80,8 | 24 |
| Total | 1.818.879 | 66,6 | 1.831.253 | 66,9 | 58 |

(1) Para poder compara-la evolución entre os dous anos considerados, no ano 2001 considérase o concello de Baiona (9.939 habitantes en 2001 e 10.032 en 2002)

Fonte: Elaboración propia CES-Galicia a partir de INE, *Revisión del Padrón Municipal de Habitantes*

CADRO 2.1.6.

Poboación das sete grandes cidades 2001-02

| | Revisión do Padrón a 1/1/01 | Revisión do Padrón a 1/1/02 | | 02/01 | |
|-------------------------------|-----------------------------|-----------------------------|-------------|--------------|---------|
| | | (%) | (total) | (%) | (total) |
| Vigo | 287.282 | 288.324 | 0,36 | 1.042 | |
| A Coruña | 239.434 | 242.458 | 1,26 | 3.024 | |
| Ourense | 109.051 | 109.011 | -0,04 | -40 | |
| Santiago | 93.381 | 93.273 | -0,12 | -108 | |
| Lugo | 88.901 | 89.509 | 0,68 | 608 | |
| Ferrol | 80.347 | 79.520 | -1,03 | -827 | |
| Pontevedra | 75.864 | 76.798 | 1,23 | 934 | |
| Total | 974.260 | 978.893 | 0,48 | 4.633 | |
| Total / total C.A. (%) | 35,66 | 35,76 | - | - | |

Fonte: Elaboración propia CES-Galicia a partir de INE, *Revisión del Padrón Municipal de Habitantes*

centaxes acadan o 43,2% e o 42,4%, respectivamente.

Se considerámos los sete grandes núcleos urbanos de Galicia, a súa poboación ascende, segundo os datos do padrón de habitantes a 1 de xaneiro do 2002, a 978.893 persoas, o que significa que un 35,8% da poboación galega reside nestas cidades. A diferencia do acontecido entre os padróns de 2000 e 2001, cando a poboación nestas sete cidades descendera en 287 persoas,

entre o 1 de xaneiro de 2001 e 2002 a poboación residente nos grandes núcleos de poboación medrou en 4.633 persoas (**cadro 2.1.6.**).

O devandito **cadro 2.1.6.** amosa que A Coruña é o que presenta o maior crecemento, tanto en termos relativos como absolutos, con 3.024 habitantes máis (un 1,3% máis que os habitantes segundo o padrón a 1 de xaneiro de 2001), seguindolle Vigo, con 1.042 persoas (0,4%), Pontevedra, con 934 habitantes máis (1,2%) e

CADRO 2.1.7.

Fogares segundo tipoloxía 2001-02

2001

| | A Coruña | Lugo | Ourense | Pontevedra | Total |
|--------------------------------|----------|------|---------|------------|-------|
| | (%) | | | | |
| Unipersonal | 19,2 | 22,5 | 21,6 | 14,4 | 18,4 |
| Sen núcleo (máis dunha persoa) | 3,6 | 4,6 | 3,5 | 2,8 | 3,4 |
| Parella con fillos | 41,2 | 31,6 | 35,7 | 44,7 | 40,3 |
| Parella sen fillos | 12,8 | 13,0 | 18,4 | 13,0 | 13,6 |
| Monoparental | 7,3 | 7,1 | 6,3 | 7,4 | 7,2 |
| Un núcleo e outros | 10,4 | 12,7 | 11,9 | 11,8 | 11,3 |
| Varios núcleos | 5,7 | 8,5 | 2,7 | 5,9 | 5,7 |
| Total | 100 | 100 | 100 | 100 | 100 |

2002

| | A Coruña | Lugo | Ourense | Pontevedra | Total |
|--------------------------------|----------|------|---------|------------|-------|
| | (%) | | | | |
| Unipersonal | 20,4 | 23,8 | 26,8 | 17,7 | 20,8 |
| Sen núcleo (máis dunha persoa) | 2,5 | 2,2 | 2,6 | 2,1 | 2,3 |
| Parella con fillos | 40,6 | 31,7 | 32,2 | 42,0 | 38,7 |
| Parella sen fillos | 13,4 | 13,6 | 17,4 | 12,4 | 13,7 |
| Monoparental | 11,0 | 10,0 | 8,9 | 11,5 | 10,8 |
| Un núcleo e otros | 7,6 | 10,3 | 8,3 | 9,1 | 8,5 |
| Varios núcleos | 4,5 | 8,6 | 3,9 | 5,3 | 5,2 |
| Total | 100 | 100 | 100 | 100 | 100 |

Fonte: IGE, *Enquisa de condicións de vida*

Lugo, con 608 persoas (o 0,7%). Pola contra, Ferrol presenta o maior descenso da poboación, con 827 habitantes menos (un 1,0% menos que os reflectidos na revisión de 2001), sendo de 108 persoas en Santiago (0,1%) e de 40 habitantes en Lugo.

A análise da estructura e distribución da poboación pode finalizarse co estudio das **características dos fogares galegos**, tomado como indicadores a clasificación segundo a súa tipoloxía, **cadro 2.1.7.**, e o número de persoas que os integran, **cadro 2.1.8.**

Atendendo á distribución dos fogares segundo a súa tipoloxía, o **cadro 2.1.7.** reflicte que no conxunto de Galicia os tipos de fogares más importantes corresponden ós de “parella con fillos”, co 38,7% do total dos fogares, e ós de carácter “unipersonal”, co 20,8%. Comparado cos datos da *Enquisa de condicións de vida* do ano 2001, prodúcese unha caída na porcentaxe dos fogares formados por “parella con fillos”, que pasa do 40,3% ó devandito 38,7%, namentres medra no caso dos fogares unipersonais, pasando do 18,4% ó 20,8%.

En comparación coa media galega, cómpre salientar, dunha banda, a reducida porcentaxe de

“fogares con fillos” nas provincias de Lugo e Ourense, co 31,7% e 32,2%, respectivamente. Doutra, Ourense presenta, no caso de fogares “unipersonais”, unha porcentaxe seis puntos superior (26,8%). Asemade, na provincia de Pontevedra a porcentaxe de fogares unipersonais é do 17,7%, máis de tres puntos menos que no conxunto de Galicia, e no caso de fogares compostos por “parella con fillos” a porcentaxe é do 42,0%, máis de tres puntos por riba da porcentaxe galega.

O número medio de persoas por fogar en Galicia no ano 2002 foi de 2,91 persoas (3,02 persoas en 2001), sendo a provincia de Pontevedra a que presenta o número medio de persoas máis elevado, con 3,07 persoas, e Ourense o máis baixo, con 2,63 persoas por fogar. No concernente ó número medio de persoas maiores de 65 anos no fogar, este ascende a 0,61 persoas en 2002 (0,59 persoas en 2001), acadando as 0,79 persoas en Lugo e 0,53 persoas en Pontevedra.

O **cadro 2.1.8.** amosa a distribución de fogares segundo o número de persoas que os integran e reflicte que o 23,4% dos fogares galegos están compostos por tres persoas, que un 22,0% son fogares formados por dúas persoas, e case un 21% son fogares formados por unha ou catro per-

CADRO 2.1.8.

Fogares segundo número de persoas que os integran 2001-02

| 2001 | | | | | |
|----------------|----------|------|---------|------------|-------|
| nº de personas | A Coruña | Lugo | Ourense | Pontevedra | Total |
| (%) | | | | | |
| 1 | 19,2 | 22,5 | 21,6 | 14,4 | 18,4 |
| 2 | 20,3 | 20,8 | 24,9 | 19,9 | 20,9 |
| 3 | 24,1 | 21,4 | 24,4 | 23,6 | 23,6 |
| 4 | 22,2 | 19,9 | 19,0 | 25,1 | 22,4 |
| 5 | 8,7 | 8,6 | 8,2 | 10,5 | 9,2 |
| 6 ou más | 5,5 | 6,8 | 2,0 | 6,5 | 5,5 |
| Total | 100 | 100 | 100 | 100 | 100 |

| 2002 | | | | | |
|----------------|----------|------|---------|------------|-------|
| nº de personas | A Coruña | Lugo | Ourense | Pontevedra | Total |
| (%) | | | | | |
| 1 | 20,4 | 23,8 | 26,8 | 17,7 | 20,8 |
| 2 | 21,6 | 21,9 | 25,6 | 21,1 | 22,0 |
| 3 | 25,8 | 22,1 | 20,2 | 22,2 | 23,4 |
| 4 | 19,6 | 18,3 | 16,7 | 24,6 | 20,6 |
| 5 | 8,3 | 6,0 | 6,6 | 8,7 | 7,9 |
| 6 ou más | 4,4 | 8,0 | 4,1 | 5,9 | 5,3 |
| Total | 100 | 100 | 100 | 100 | 100 |

Fonte: IGE, Enquisa de condicións de vida

soas. Comparado cos datos da enquisa de 2001, rexístrase unha medra no peso relativo dos fogares unipersonais e de dúas persoas (2,4 e 1,1 puntos porcentuais máis, respectivamente), namen-tres descende a importancia relativa nos demais casos (salienta a caída de 1,8 puntos porcentuais no caso dos fogares con catro persoas e de 1,3 puntos nos de cinco persoas).

En comparación coa media galega, cómpre salientar, dunha banda, que Ourense é a provincia que presenta as maiores diverxencias, ó presentar unha importancia relativa seis puntos porcentuais superior á media galega no caso dos fogares uni-personais (26,8%), e de 3,6 puntos no caso dos fogares formados por dúas persoas (25,6%). Pola contra, o peso relativo dos fogares con 4 persoas é case catro puntos inferior á media (16,7%), sendo de -3,2 puntos no caso dos fogares formados por 3 persoas (20,2%). Doutra banda, Pontevedra presenta unha importancia relativa catro puntos superior á media galega no caso dos fogares que están compostos por catro persoas (24,6% fronte ós 20,6% de Galicia), e 3,1 puntos inferior á media no caso dos fogares unipersonais (17,7% e 20,8%, respectivamente). Asemade, o devandito **cadro 2.1.8.** reflicte que nos fogares compostos por máis de seis persoas, Lugo presenta a porcentaxe máis elevada, cun 8,0%, case

tres puntos superior ó rexistrado no conxunto de Galicia, co 5,3%.

Movemento natural

Segundo os *Indicadores demográficos básicos* do INE, o número medio de fillos por muller en Galicia no ano 2001 foi de 0,91 fronte ós 1,24 fillos por muller de media a nivel estatal. O **cadro 2.1.9.** reflicte que Pontevedra segue sendo a provincia coa taxa máis elevada, co 1,01 fillos por muller, seguida de A Coruña, con 0,91 fillos por muller.

Ó contrario do acontecido en 2001, a **taxa da natalidade** presenta en Galicia no ano 2002 unha lixeira medra ó acada-los 7,18 nacementos por cada 1.000 habitantes, fronte ós 7,12 nacementos do ano anterior. En España da taxa de natalidade continuou crecendo, situándose a mesma nos 10,14 nacementos por cada mil habitan tes fronte ós 10,03 nacementos por cada 1.000 habitantes do ano anterior.

Desagregando o estudio por provincias, o **cadro 2.1.10.** reflicte que Pontevedra rexistra a maior taxa nos anos considerados (8,53 nacementos por cada mil habitantes no ano 2002), situándose ó longo dos mesmos por riba da media gale-

CADRO 2.1.9.

Número medio de fillos por muller en Galicia e España 1998-01

| | 1998 | 1999 | 2000 | 2001 (1) |
|----------------|------|------|------|----------|
| Galicia | 0,90 | 0,91 | 0,92 | 0,91 |
| A Coruña | 0,89 | 0,89 | 0,92 | 0,91 |
| Lugo | 0,85 | 0,81 | 0,85 | 0,77 |
| Ourense | 0,79 | 0,79 | 0,78 | 0,75 |
| Pontevedra | 0,97 | 1,01 | 1,01 | 1,01 |
| España | 1,16 | 1,20 | 1,24 | 1,24 |

(1) datos provisionais

Fonte: INE, *Indicadores demográficos básicos*

CADRO 2.1.10.

Taxas (1) de nupcialidade, natalidade, mortalidade e crecimiento vexetativo en Galicia e España 2001-02 (2)

| | Nupcialidade | | Natalidade | | Mortalidade | | Crecemento vexetativo | |
|---------------|--------------|------|------------|-------|-------------|-------|-----------------------|-------|
| | 2001 | 2002 | 2001 | 2002 | 2001 | 2002 | 2001 | 2002 |
| A Coruña | 4,37 | 4,61 | 7,22 | 7,21 | 10,36 | 10,35 | -3,14 | -3,14 |
| Lugo | 3,41 | 3,66 | 5,24 | 5,37 | 13,00 | 13,15 | -7,76 | -7,78 |
| Ourense | 4,05 | 4,28 | 5,25 | 5,39 | 12,70 | 12,89 | -7,45 | -7,50 |
| Pontevedra | 4,76 | 4,88 | 8,43 | 8,53 | 8,48 | 8,73 | -0,05 | -0,20 |
| Total | 4,33 | 4,53 | 7,12 | 7,18 | 10,37 | 10,49 | -3,25 | -3,31 |
| España | 5,12 | 5,09 | 10,03 | 10,14 | 8,91 | 8,92 | 1,12 | 1,22 |

(1) Tódalas taxas son por 1.000 habitantes

(2) datos provisionais

Fonte: INE, *Movimiento Natural de la Población*

CADRO 2.1.11.

Matrimonios, nacementos, defuncións e crecimiento vexetativo en Galicia e España 2001-02 (1)

| | Matrimonios | | Nacementos | | Defuncións | | Crecemento vexetativo | |
|---------------|-------------|---------|------------|---------|------------|---------|-----------------------|--------|
| | 2001 | 2002 | 2001 | 2002 | 2001 | 2002 | 2001 | 2002 |
| A Coruña | 4.845 | 5.055 | 7.994 | 7.904 | 11.471 | 11.345 | -3.477 | -3.441 |
| Lugo | 1.231 | 1.303 | 1.894 | 1.910 | 4.697 | 4.681 | -2.803 | -2.771 |
| Ourense | 1.388 | 1.443 | 1.800 | 1.817 | 4.351 | 4.345 | -2.551 | -2.528 |
| Pontevedra | 4.350 | 4.415 | 7.706 | 7.719 | 7.746 | 7.904 | -40 | -185 |
| Total | 11.814 | 12.216 | 19.394 | 19.350 | 28.265 | 28.275 | -8.871 | -8.925 |
| España | 206.254 | 209.065 | 403.859 | 416.518 | 358.856 | 366.538 | 45.003 | 49.980 |

(1) datos provisionais

Fonte: INE, *Movimiento natural de la población*

ga. Tamén por riba da media atópase A Coruña, con 7,21 nacementos por cada mil habitantes en 2002, mentres que as provincias de Lugo e Ourense rexistran unha taxa de natalidade de 5,37 nacementos por cada mil habitantes e 5,39 nacementos, respectivamente.

En termos absolutos, **cadro 2.1.11.**, no ano 2002 naceron en Galicia un total de 19.350 nenos (44 nacementos menos que no ano anterior), o que representa o 4,6% do total de nacementos en España. As provincias de A Coruña e Pontevedra son as que presentan o maior número de nacementos en 2002, con 7.904 e 7.719 nacementos, respectivamente.

A **taxa de mortalidade** situouse no conxunto de Galicia nas 10,49 defuncións por cada mil

habitantes (10,37 no ano anterior), fronte ós 8,92 defuncións por cada mil habitantes no conxunto do Estado (8,91 defuncións en 2001). Pontevedra é a provincia que presenta a menor taxa de mortalidade, con 8,73 falecementos por cada mil habitantes mentres que Lugo e Ourense presentan unas taxas de mortalidade de 13,15 e 12,89 mortes por cada mil habitantes, respectivamente.

Xunto a este incremento da taxa de mortalidade no ano 2002, cómpre salienta-la medra da taxa de mortalidade infantil en Galicia, **cadro 2.1.12.**, que pasa dos 3,40 falecementos por cada 1.000 nacementos do 2001 ós 3,77 do 2002. As provincias de Lugo e A Coruña son as que presentan as taxas máis elevadas, con 5,24 e 4,68 falecementos por cada mil nacementos, naméntrase que en Ourense ascende ós 2,75 falecementos

CADRO 2.1.12.

Taxa (1) de mortalidade infantil en Galicia e España 2001-02 (2)

| | 2001 total | 2002 total |
|----------------|---------------|---------------|
| Galicia | 3,40 | 3,77 |
| A Coruña | 3,88 | 4,68 |
| Lugo | 4,75 | 5,24 |
| Ourense | 2,22 | 2,75 |
| Pontevedra | 2,85 | 2,72 |
| España | 3,45 | 3,65 |

(1) mortalidade infantil por cada 1000 nacimentos

(2) datos provisionais

Fonte: INE, *Movimiento Natural de la Población*

CADRO 2.1.13.

*Interrupcións voluntarias do embarazo nas CC.AA
2000-01: distribución segundo C.A. de residencia (1)*

| | 2000 | 2001 |
|----------------------|-------------|-------------|
| | (%) | |
| Andalucía | 6,19 | 6,77 |
| Aragón | 7,83 | 8,89 |
| Asturias | 8,38 | 7,22 |
| Baleares | 13,56 | 13,21 |
| Canarias | 8,04 | 7,28 |
| Cantabria | 3,92 | 4,08 |
| Castela - A Mancha | 4,35 | 4,54 |
| Castela e León | 5,63 | 5,54 |
| Cataluña | 9,67 | 10,18 |
| Comunidad Valenciana | 6,82 | 7,50 |
| Estremadura | 4,27 | 3,61 |
| Galicia | 3,97 | 4,16 |
| Madrid | 8,90 | 10,47 |
| Murcia | 7,96 | 9,68 |
| Navarra | 3,63 | 3,99 |
| País Vasco | 3,55 | 3,55 |
| A Rioxa | 6,55 | 6,44 |
| Ceuta e Melilla | 2,53 | 3,21 |
| Total | 7,14 | 7,66 |

(1) Taxas por 1.000 mulleres entre 15 e 44 anos

Fonte: Ministerio de Sanidad y Consumo, *Interrupción voluntaria del embarazo*

por cada mil nacimentos, e en Pontevedra, única provincia onde descende esta taxa, acada as 2,72 defuncións por cada mil nacimentos.

No ano 2002 producíronse en Galicia un total de 28.275 defuncións, dez máis s que no ano anterior, representando o 7,7% do total de defuncións habidas en España no último ano. Por provincias, A Coruña contabilizou 11.345 falecementos, seguida de Pontevedra con 7.904.

A evolución das taxas de natalidade e mortalidade explican a evolución do **crecimiento vexetativo**, que ven recollido nos **cadros 2.1.10. e 2.1.11.** Obsérvase que este é negativo en Galicia (-8.925) a diferencia do que acontece en España (49.980). As catro provincias galegas presentan un crecimiento vexetativo negativo, sendo a pro-

vincia de Pontevedra a que presenta o menor valor (-185).

No ano 2001 volveu a rexistrarse unha medra no número de **interrupcións voluntarias de embarazo** en Galicia, pasando das 3,97 interrupcións por cada 1.000 mulleres entre 15 e 44 anos no ano 2000 ás 4,16 interrupcións do ano 2001. Comparado co resto das comunidades autónomas, **cadro 2.1.13.**, Galicia é, no ano 2001, a quinta comunidade con menor número de interrupcións por cada mil mulleres entre 15 e 44 anos, por detrás de País Vasco (3,55), Estremadura (3,61), Navarra (3,99) e Cantabria (4,08), ademais de Ceuta e Melilla (3,21), sendo a media do conxunto do Estado de 7,66 interrupcións por cada 1.000 mulleres entre 15 e 44 anos.

CADRO 2.1.14.**Títulos de familia numerosa en vigor a 31 de decembro 2002**

| | 1ª categoría | 2ª categoría | Categoría de hora | Total |
|--------------|---------------|--------------|-------------------|---------------|
| A Coruña | 6.454 | 16 | 11 | 6.481 |
| Lugo | 1.812 | 4 | 1 | 1.817 |
| Ourense | 1.181 | 1 | - | 1.182 |
| Pontevedra | 6.310 | 22 | 11 | 6.343 |
| Total | 15.757 | 43 | 23 | 15.823 |

Fonte: Consellería de Familia e Promoción do Emprego, Muller e Xuventude, Estatística de familias numerosas

CADRO 2.1.15.**Saldo migratorio interno das provincias galegas 1992-01**

| | 1992 | 1993 | 1994 | 1995 | 1998 | 1999 | 2000 | 2001 |
|----------------|------|------|------|------|------|------|------|------|
| Galicia | | | | | | | | |
| A Coruña | 598 | 815 | 526 | 671 | 289 | 552 | 474 | 594 |
| Lugo | -345 | -327 | -214 | -324 | -184 | -348 | -363 | -248 |
| Ourense | -484 | -433 | -199 | -331 | -336 | -339 | -334 | -438 |
| Pontevedra | 231 | -55 | -113 | -16 | 231 | 135 | 223 | 92 |

Fonte: Elaboración propia CES-Galicia a partir de INE, Estadística de variaciones residenciales

O **cadro 2.1.14.** reflicte que o número de títulos de familia numerosa en vigor a 31 de decembro de 2002 ascendeu a 15.823 títulos, dos que 15.757 foron títulos de primeira categoría. Atendendo á súa distribución provincial, as provincias de A Coruña e Pontevedra son as que teñen un maior número de títulos en vigor, con 6.481 e 6.343 títulos, respectivamente, o que supón que ámbalas dúas provincias acollen o 81,0% do total de títulos de familia numerosa en vigor.

Movementos migratorios

Neste apartado, á hora de analiza-los movementos migratorios considéranse, en primeiro lugar, aqueles realizados entre concellos galegos, en segundo lugar, aqueles cara ó resto das comunidades autónomas, e finalmente, os fluxos migratorios de Galicia fóra de España.

Segundo a *Encuesta de variaciones residenciales* (INE) no ano 2001 realizáronse un total de 42.672 migracións entre os concellos galegos (un 5,9% menos que no ano anterior), dos que 34.622 realizáronse ente concellos dunha mesma provincia (un 6,7% inferior ás rexistradas en 2000). A provincia de A Coruña é a que rexistra o maior número de migracións interiores, con 16.826,

seguida de Pontevedra, con 9.208, e Ourense e Lugo, con 5.296 e 3.292 migracións, respectivamente.

En termos relativos, o longo do ano 2001 descendeu o número de migracións interiores por cada mil habitantes, pasando dos 16,59 desprazamentos por cada mil habitantes de 2000 ós 15,59 desprazamentos de 2001. No caso das migracións entre municipios dunha mesma provincia, esta taxa acadou os 12,65 desprazamentos por cada mil habitantes fronte ós 13,58 desprazamentos do ano anterior.

Se considerámo-la taxa neta de migración interior (diferencia entre as taxas de inmigración e emigración interior), expresada en relación a un intervalo anual anual e calculada en base á poboación do período considerado, o **cadro 2.1.16.** amosa a capacidade emisora dos concellos das provincias de Lugo e Ourense, así como a capacidade receptora dos municipios coruñeses e pontevedreses considerados no seu conxunto.

Atendendo á dirección destes fluxos migratorios internos, os **cadros 2.1.17. e 2.1.18.** amosan estas migracións interiores segundo o concello de orixe e destino nos anos 2000 e 2001. Das 42.672 migracións que tiveron lugar ó longo do ano 2001

CADRO 2.1.16.

Taxas de emigración e inmigración interior e taxas netas de migración interior 2000-01

Taxas de emigración dentro da C.A. 2000-01

| | A Coruña | | | Lugo | | | Ourense | | | Pontevedra | | |
|------|----------|--------------------|----------------------|-------|--------------------|----------------------|---------|--------------------|----------------------|------------|--------------------|----------------------|
| | Total | mesma provincia | outras provincias | Total | mesma provincia | outras provincias | Total | mesma provincia | outras provincias | Total | mesma provincia | outras provincias |
| 2000 | 18,79 | 16,52 | 2,27 | 13,25 | 8,79 | 4,46 | 20,96 | 16,01 | 4,95 | 13,62 | 11,02 | 2,60 |
| 2001 | 17,26 | 15,13 | 2,13 | 13,44 | 9,10 | 4,34 | 20,37 | 15,41 | 4,97 | 12,62 | 10,01 | 2,61 |

Taxas de inmigración dentro da C.A. 2000-01

| | A Coruña | | | Lugo | | | Ourense | | | Pontevedra | | |
|------|----------|--------------------|----------------------|-------|--------------------|----------------------|---------|--------------------|----------------------|------------|--------------------|----------------------|
| | Total | mesma provincia | outras provincias | Total | mesma provincia | outras provincias | Total | mesma provincia | outras provincias | Total | mesma provincia | outras provincias |
| 2000 | 19,22 | 16,52 | 2,69 | 12,26 | 8,79 | 3,46 | 19,99 | 16,01 | 3,98 | 13,87 | 11,02 | 2,85 |
| 2001 | 17,80 | 15,13 | 2,67 | 12,76 | 9,10 | 3,66 | 19,10 | 15,41 | 3,69 | 12,72 | 10,01 | 2,71 |

Taxa neta de migración dentro da C.A. 2000-01

| | A Coruña | | | Lugo | | | Ourense | | | Pontevedra | | |
|------|----------|--------------------|----------------------|-------|--------------------|----------------------|---------|--------------------|----------------------|------------|--------------------|----------------------|
| | Total | mesma provincia | outras provincias | Total | mesma provincia | outras provincias | Total | mesma provincia | outras provincias | Total | mesma provincia | outras provincias |
| 2000 | 0,43 | - | 0,43 | -1,00 | - | -1,00 | -0,97 | - | -0,97 | 0,24 | - | 0,24 |
| 2001 | 0,53 | - | 0,53 | -0,69 | - | -0,69 | -1,27 | - | -1,27 | 0,10 | - | 0,10 |

Fonte: Elaboración propia CES-Galicia a partir de INE, *Estadística de Variaciones Residenciales*

CADRO 2.1.17.

Migracións interiores segundo provincia de destino 2000-01

2000

| | Total | Lugar de destino | | | | |
|----------------|--------|------------------|----------|-------|---------|------------|
| | | Galicia | A Coruña | Lugo | Ourense | Pontevedra |
| Galicia | 62.632 | 45.351 | 21.295 | 4.463 | 6.889 | 12.704 |
| A Coruña | 28.013 | 20.821 | 18.309 | 767 | 346 | 1.399 |
| Lugo | 6.644 | 4.826 | 1.026 | 3.202 | 304 | 294 |
| Ourense | 9.722 | 7.223 | 561 | 231 | 5.517 | 914 |
| Pontevedra | 18.253 | 12.481 | 1.399 | 263 | 722 | 10.097 |

2001

| | Total | Lugar de destino | | | | |
|----------------|--------|------------------|----------|-------|---------|------------|
| | | Galicia | A Coruña | Lugo | Ourense | Pontevedra |
| Galicia | 58.700 | 42.672 | 19.790 | 4.615 | 6.565 | 11.702 |
| A Coruña | 25.695 | 19.196 | 16.826 | 794 | 305 | 1.271 |
| Lugo | 6.561 | 4.863 | 1.024 | 3.292 | 250 | 297 |
| Ourense | 9.433 | 7.003 | 540 | 241 | 5.296 | 926 |
| Pontevedra | 17.011 | 11.610 | 1.400 | 288 | 714 | 9.208 |

Fonte: INE, *Estadística de Variaciones Residenciales*

CADRO 2.1.18.

Migracións interiores segundo provincia de procedencia 2000-01

2000

| | Total | Lugar de procedencia | | | | |
|----------------|--------|----------------------|----------|-------|---------|------------|
| | | Galicia | A Coruña | Lugo | Ourense | Pontevedra |
| Galicia | 56.979 | 45.351 | 20.821 | 4.826 | 7.223 | 12.481 |
| A Coruña | 25.922 | 21.295 | 18.309 | 1.026 | 561 | 1.399 |
| Lugo | 6.034 | 4.463 | 767 | 3.202 | 231 | 263 |
| Ourense | 8.677 | 6.889 | 346 | 304 | 5.517 | 722 |
| Pontevedra | 16.346 | 12.704 | 1.399 | 294 | 914 | 10.097 |

2001

| | Total | Lugar de procedencia | | | | |
|----------------|--------|----------------------|----------|-------|---------|------------|
| | | Galicia | A Coruña | Lugo | Ourense | Pontevedra |
| Galicia | 54.471 | 42.672 | 19.196 | 4.863 | 7.003 | 11.610 |
| A Coruña | 24.258 | 19.790 | 16.826 | 1.024 | 540 | 1.400 |
| Lugo | 6.249 | 4.615 | 794 | 3.292 | 241 | 288 |
| Ourense | 8.406 | 6.565 | 305 | 250 | 5.296 | 714 |
| Pontevedra | 15.558 | 11.702 | 1.271 | 297 | 926 | 9.208 |

Fonte: INE, *Estadística de Variaciones Residenciales*

CADRO 2.1.19.

Migracións interiores nas CC.AA. 1999-01: saldo migratorio interior

| | 1999 | 2000 | 2001 |
|------------------------------|-------------|-------------|-------------|
| Andalucía | -7.995 | -7.227 | -1.932 |
| Aragón | -633 | -820 | -4 |
| Asturias | -2.094 | -2.185 | -2.127 |
| Baleares | 10.931 | 11.127 | 8.376 |
| Canarias | 8.271 | 7.355 | 3.952 |
| Cantabria | 1.626 | 1.829 | 1.566 |
| Castela - A Mancha | 3.054 | 1.775 | 3.420 |
| Castela e León | -5.808 | -7.971 | -6.635 |
| Cataluña | -1.737 | 920 | 1.458 |
